
REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CAZA DE ARCEAS CON CAN

1.- OBXECTIVO DO CAMPIONATO

O campionato Galego de Caza de Arceas con Can, é unha proba deportiva que ten por obxecto premiar e distinguir ao cazador federado, afiliado a unha sociedade de cazadores, que demostre as necesarias condicións físicas e habilidade cinexética no exercicio da caza, adaptándose á normativa deste regulamento e ás normas concordantes que emita a Federación Galega de Caza para cada tempada.

A organización do Campionato Galego de Caza de Arceas con Can corresponde á Federación Galega de Caza como único órgano competente para o seu regulación.

Este Campionato disputarase cada ano entre aqueles cazadores que sexan seleccionados ou clasificados polas Federacións Provinciais no número que se sinalará por, a Federación Galega de Caza nas normas de cada tempada.

2.- TIPOS DE PROBAS

O Campionato Galego de Caza de Arceas con Can **poderá** comprende catro niveis: Social, Comarcal, Provincial, e Autonómico.

As diferentes probas do campionato regularanse con arranxo a este regulamento e ás normas concordantes que cada ano emita a Federación Galega de Caza para as competicións de nivel social, comarcal, provincial e autonómico dentro do ámbito das súas competencias.

A Federación Galega de Caza organizará, con arranxo a este Regulamento, as probas con carácter comarcal, social, provincial e autonómico, a través de si mesmas, das Federacións provinciais e das sociedades. Ningún participante con cero puntos poderá optar ao podio. No resto de fases, Social, Comarcal, e Provincial da competición, non se poderán clasificar directamente os participantes con cero puntos. Neste caso, e sempre que existisen prazas vacantes, realizarase un sorteo para cubrir as prazas entre aqueles que entren en tempo regulamentario.

As probas de cada nivel terán carácter selectivo ou clasificatorio outorgándose ao vencedor o título de campión da proba que poderá defender na edición seguinte.

A entidade organizadora deberá subscribir unha póliza de seguro para cubrir a súa responsabilidade civil polos danos a terceiros en que puidese incurrir como tal organizadora.

3.- CAMPIONATOS SOCIAIS E COMARCAIS

Esta proba organízase por cada sociedade federada de cazadores entre os socios que reúnan os requisitos que máis adiante se determinan.

Neste nivel Social e Comarcal seleccionaranse ou clasificaranse o número de cazadores que cada Federación Provincial determine para participar no campionato provincial. O campión, si se proclamou con proba en campo, defenderá o seu título na seguinte edición.

As sociedades poderán seleccionar polo órgano competente aos seus representantes para o Campionato Provincial.

Tanto si se fai con proba de campo, como por acordo antes mencionado, levantarase a acta correspondente que será enviada á Federación Provincial dentro das datas que esta determine.

4.- CAMPIONATOS PROVINCIAIS

Esta proba selectiva disputarase entre aqueles cazadores que consten como seleccionados ou clasificados na correspondente acta da súa sociedade e reúnan os requisitos que máis adiante se

determinan, ademais dos específicos que a Federación Provincial esixa de acordo coa lexislación cinexética vixente para realizar o exercicio da caza nesa provincia.

Os Campionatos Provinciais, realizaranse con proba en campo, organizados pola Federación Provincial e desenvolveranse, entre os representantes das sociedades nesa proba.

O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Provincial desde a data desta proba ata o seguinte Campionato Provincial que se celebre, onde poderá defender o seu título.

Desta proba levantarase a acta correspondente, con relación de participantes e resultado clasificatorio, que será enviada á Federación Galega de Caza dentro das datas que esta determine.

5.- CAMPIONATO AUTONÓMICO

Este campionato organizarase pola Federación Galega de Caza mediante proba en campo, entre os representantes das provincias que reúnan os requisitos que máis adiante se determinan ademais dos específicos que a Federación Galega de Caza esixa.

O Campionato Autonómico ten por obxecto seleccionar aos cazadores que han de participar na fase seguinte en representación desta autonomía e no número que as normas do órgano competente a nivel nacional determine. Realizaranse de acordo ás normas de regulación emitidas pola Federación Galega de Caza, entre os representantes de cada provincia que consten como seleccionados ou clasificados na acta provincial e autonómica nunha proba única.

O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Galego desde a data desta proba ata o seguinte Campionato Galego que se celebre, onde poderá defender o seu título.

Os cazadores clasificados para o Campionato de España deberán dispoñer de Seguro Voluntario de Danos a Terceiros coa cobertura mínima que cada ano determinen as normas do órgano competente a nivel nacional

Desta proba levantarase a acta correspondente con relación de participantes e o resultado, que será enviada ao órgano competente a nivel nacional, sendo esta o único documento de inscrición dos seleccionados por esta autonomía na fase seguinte. Ademais da acta, achegarase copia pola Federación dos documentos que máis adiante se determinan e cuxos orixinais portará o cazador o día da proba.

6.- DO CAZADOR

En cada unha das probas de que consta o Campionato de Galego de Caza de Arceas con Can, os cazadores participarán cumprindo os seguintes requisitos:

1. Pertencer con plenitude de dereitos a algunha sociedade federada de cazadores segundo certificado acreditativo emitido pola mesma.
2. Ser seleccionado ou clasificado por cada proba e constar como tal na acta correspondente.
3. Portar os documentos en vigor esixidos pola Administración correspondente para practicar a caza no termo onde se celebra a proba.
4. Ter licenza federativa da Federación Galega de Caza en vigor.
5. Dispoñer de Seguro VOLUNTARIO de Danos a Terceiros coa cobertura mínima que cada ano determinen as normas da Federación Galega de Caza.
6. Empregar cartuchería permitida e escopeta regulamentaria coas limitacións esixidas para o Campionato.
7. Portar durante a proba os distintivos que a Organización determine.

8. Presentarse ao Campionato por unha única sociedade de cazadores.
9. Coñecer e aceptar estas Regras Técnicas e as normas concordantes emitidas polo órgano competente para as distintas probas.
- 10 Os competidores que non cumpran os requisitos citados, serán eliminados

7.- DO CAN

Os cazadores acreditarán que os cans cumpren as condicións legais e sanitarias esixibles, así como a súa inscrición **nun libro xenealóxico legalmente recoñecido**. Non se permitirá a participación de cadelas en celo ou con xestación avanzada ou recentemente paridas; nin de cans con mostras ostensibles de enfermidade ou de coxeira manifesta.

Si por causas excepcionais un cazador necesita cambiar o can durante a proba, o substituto deberá cumprir igualmente todas as condicións esixidas.

Non está permitido o uso de colares electrónicos, de impulsos, ultrasóns, o calquera outro utensilio coercitivo para o adestramento de Cans.

Permítese o uso do beeper ou campana (choca, badaxo) ou ámbalas-dúas.

8.- TERREOS

As probas de campo desenvolveranse sobre terreos onde estea permitida a actividade cinexética de caza de Arceas.

A competición adaptarase a este Regulamento e ás limitacións do Plan de Aproveitamento Cinexético do terreo.

A designación dos terreos das probas farase pola entidade organizadora que elixirá unha zona continua de terreo para o desenvolvemento da proba.

Entregarase un mapa a cada participante e xuíz, **o día da proba**, no que estarán sinalizados os límites dos terreos da proba.

A organización disporá da autorización escrita do titular dos dereitos cinexéticos do terreo, sempre que este extremo se considere necesario para o exercicio da caza na zona de competición.

Os participantes unicamente poderán visitar o cazadeiro durante unha xornada como máximo. A xornada de visita será designada pola organización, e terá lugar preferentemente durante a fin de semana. Esta fixarase preferentemente con polo menos sete días de antelación á celebración do Campionato. Para concretar o día de visita, o horario e a forma de realizala, os participantes e os xuíces deberán seguir as instrucións dos organizadores do Campionato.

A visita ao cazadeiro só se poderá realizar polo concursante ou persoa por el enviada, e non poderá acompañarse de ningún can.

Ningún participante, ou persoa por el enviada, poderá visitar o cazadeiro de forma individual e fóra do día designado pola organización. O incumprimento desta norma supoñerá a inmediata descualificación do concursante.

9.- ARMAS E MUNICIÓNS

Durante cada proba o cazador utilizará unha soa arma regulamentaria, que poderá cambiar por outra ante o Xuíz de Campo e o Xurado da Proba. As armas e os cartuchos a utilizar deberán

cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente. En todo caso o arma non poderá conter máis de dous cartuchos en total. Cada competidor disporá da cartuchería regulamentaria para caza menor da que se aprovisionará por completo ao comezo da proba. O número máximo de disparos a efectuar polo cazador é de dez (10).

10.- DURACIÓN DA PROBA

A duración das probas será dun mínimo de catro horas ata un máximo de seis, desde a saída ata a entrada no control. A Federación Galega de Caza dará a coñecer, cada ano e coa suficiente antelación, as normas complementarias. Non obstante o anterior, permitirase a clasificación de cazadores que cheguen ata 15 minutos logo da hora marcada pola Organización, penalizándose esta demora coas puntuacións negativas que máis adiante se determinan.

Nas distintas fases clasificatorias do Campionato de Caza de Arceas con Can, a hora de entrada fixaraa a organización de devandita fase (Autonómico, provincial ou social e comarcal).

Salvo nos supostos contemplados no parágrafo anterior, considerarase que o participante finalizou a proba cando entre xunto co seu xuíz dentro do perímetro de seguridade en torno ao control. Os deportistas que cobren ou non pezas ao longo da competición non poderán entrar no control ata que non se supere o ecuador da proba ou se complete a cota de caza establecida pola organización. Este perímetro será de 250 metros debidamente sinalizado, salvo que por circunstancias excepcionais a organización decida modificar esta distancia. Isto deberá ser oportunamente advertido aos participantes.

En todo caso considerarase finalizada a proba de calquera participante que sexa descualificado definitivamente polo Xurado de Competición, mediante xustificación escrita das causas que o motivan.

11.- ESPECIES CINEXÉTICAS

As Arceas e a súa cota virán condicionadas polo que determine o Plan de Aproveitamento Cinexético do terreo. En todo caso, as normas do Campionato aclararán debidamente este extremo.

A Federación Galega de Caza dará a coñecer a cota de Arceas que poden ser abatidas por cada cazador de acordo co establecido na Orde de Vedas.

Será descualificado provisionalmente polo Xuíz de Campo o cazador que:

- 1) Dispare sobre unha especie que non sexa a Arcea, ou sobre unha Arcea que non estea en voo, excepto para cobrar unha peza previamente ferida por disparo do propio cazador.
- 2) Capture por disparo maior número de pezas que as autorizadas.
- 3) Disparar máis de dez cartuchos.
- 4) Aínda sendo de xeito accidental disparar sobre o can ou sobre o xuíz.
- 5) Nos casos de descualificación o Xuíz de Campo deberá:
 - Anotar na folla a especie e o número delas.
 - Recoller a/s peza/s, que entregará ao Xurado de Competición.
 - Comunicar ao competidor o cese da actividade de cazar.

12.- DESENVOLVEMENTO E ORGANIZACIÓN

- 1) O número máximo de cartuchos a disparar será de dez (10). En todo caso a escopeta non poderá conter máis de dúas cartuchos en total
- 2) Os participantes en cada proba estarán a disposición da Organización no lugar, día e hora que as normas reguladoras determinen, provistos dos documentos e medios necesarios para actuar na competición.
- 3) Cando se de a saída os participantes non poderán cargar a arma ata ter superada a zona neutra de 250 metros arredor do control. Comezada a proba non se permitirá a incorporación de ningún participante a non ser que o Xurado de Competición, nun caso excepcional debidamente xustificado, considere o contrario. A saída poderá darse desde un mesmo sitio ou desde varios lugares diferentes do acoutado en grupos máis reducidos, pero todos eles á mesma hora. O control de chegada será único.
- 4) A Organización do Campionato sinalizará a zona neutra arredor do control e habilitará o lugar para facilitar o acceso dos participantes ata a mesa do Xurado de Competición, sen sufrir interrupcións por parte dos espectadores.
- 5) Dispoñeranse bolsas contedoras para gardar as pezas de cada participante ata que se de a clasificación definitiva.
- 6) A Organización porá en marcha os procedementos de control e de vixilancia suficientes para evitar a trasfega de espectadores a pé ou en vehículos pola zona onde se desenvolverá a competición.
- 7) A Organización dispoñerá de vehículos debidamente identificados para que a propia organización, a prensa ou espectadores autorizados poidan visitar a zona de competición.
- 8) Á chegada ao control o Xuíz de Campo entregará a ficha de control ao Xurado Técnico e presenciara xunto ao cazador a inspección das pezas entregadas, informando a este xurado sobre cantos asuntos se lle soliciten.
- 9) O Xurado Técnico anotará sobre a ficha de control a idoneidade ou non de cada unha das pezas entregadas, pasando a ficha, debidamente asinada, ao Xurado de Competición que irá anotando as puntuacións correspondentes na acta da proba.
- 10) Transcorrido o tempo de competición o Director do Campionato lerá aos presentes o resultado provisional da proba.
- 11) As reclamacións presentaranse ao Xurado de Competición nun prazo máximo de vinte minutos despois do final da competición, a contar dende a chegada do último participante.
- 12) A reclamación presentada contra a participación dun competidor, non impide a este participante competir baixo reserva de dita reclamación.
- 13) Transcorrido este tempo, a clasificación considerarase definitiva e levantarase a acta do campionato.

13.- REGLAS

Durante a competición os participantes estarán suxeitos ás normas e condicións seguintes:

- 1) Cazar ao salto, dentro da zona marcada para a competición, de xeito individual.
- 2) Cazar cun só can.
- 3) Non se pode levar teléfono móbil ou aparello de comunicación similar. Só o portará o Xuíz que acompaña ao participante.

- 4) Cada vez que o participante cobre unha peza deberaa entregar inmediatamente ao Xuíz de campo, o cal procederá á súa marcaxe coa marca ou precinto que ao efecto lle facilite a organización. Logo portará a peza o participante ata o control, que deberá de presentar ao Xurado de competición na presenza do seu xuíz. Non se contabilizarán aquelas pezas de caza que non estean debidamente precintadas ou marcadas.
- 5) Portar durante toda a proba as Arceas abatidas e cobradas, susceptibles de puntuación, que presentará na súa totalidade ao Xurado de Competición, sempre en presenza do Xuíz e dentro do tempo establecido.
- 6) Utilizar unicamente un arma regulamentaria para cazar.
- 7) Levar consigo toda a munición a utilizar na proba.
- 8) Portar na arma soamente dous cartuchos.
- 9) Cazar sempre á vista do xuíz de campo e na súa exclusiva compañía. No caso de indisposición do xuíz para acompañar ao participante ao ritmo que este marque durante a proba, solicitarase a súa substitución ben por un medio adecuado ou acompañando ao xuíz ata o control.
- 10) Rexeitar calquera conversación ou contacto verbal, excepto saúdo, durante o desenvolvemento da proba, con persoas alleas á competición excepto prensa debidamente identificada.
- 11) Informar á organización de cantos asuntos se lle soliciten relacionados co desenvolvemento da proba e daqueles outros que observe ou considere sobre a actuación do seu xuíz e doutros xuíces e participantes.
- 12) Cazar unicamente a especie cinexética permitida na proba, que é a Arcea, e no número que se determine.
- 13) Actuar en todo momento con deportividade ética e cinexética e respecto e colaboración coa organización, o resto de competidores e os espectadores da proba.
- 14) Á saída da proba estará prohibido aos participantes correr dentro da zona de seguridade.
- 15) Serán descualificados os participantes que non cumpran algún dos requisitos anteriores.

14.- PUNTUACIÓNS

O único órgano con potestade para dar a clasificación da proba é o Xurado de Competición. Unicamente computaranse como pezas válidas as Arceas.

O cazador obterá unicamente a puntuación que máis adiante se indica cando a peza sexa abatida por tiro, cobrada en presenza do Xuíz de Campo e entregada en control.

Soamente se computará unha peza por cada disparo efectuado, aínda que como consecuencia do mesmo sexan abatidas máis dunha.

O número máximo de pezas computables non poderá ser en ningún caso superior ao número de disparos efectuados.

O Xuíz de Campo anotará na ficha de control cada disparo efectuado, indicando as pezas abatidas e cobradas por cada tiro ou se fallou no disparo.

O baremo de puntuación para cada peza é o seguinte:

ESPECIE e PUNTUACIÓNS: Arcea 500 puntos

Os participantes que non cobraron pezas, non puntuarán, salvo que non houberse suficientes clasificados; nese caso clasificaranse por sorteo.

BONIFICACIONES:

- 1) Non entrarán na cota de Arceas, as capturadas polo can sen disparo previo do concursante.
- 2) As Arceas capturadas polo can sen disparo, deberán ser entregadas ao xuíz e el será o encargado de levalas, non o cazador. Non sumarán ningún punto.

PENALIZACIÓNS:

- 1) Da puntuación obtida con arranxo ao baremo anterior descontaranse os puntos obtidos por penalización de acordo a este criterio: 25 puntos por cada minuto de atraso con que se presente en control e 25 puntos por cada vaina de cartucho disparado e non presentada en control ao entregar as pezas, sen ningunha excepción.
- 2) A puntuación clasificatoria do concursante será a diferenza entre a positiva de captúralas máis as bonificacións e a negativa das penalizacións. Si esa puntuación clasificatoria fose negativa adxudicarase ao concursante cero puntos.
- 3) Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación clasificarase en primeiro lugar o cazador que menos disparos efectúe, e, si persiste o empate, o que primeiro entre en control.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013, modificados en Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 11 de abril de 2015.